

## CONCURSO ESPECÍFICO DE ORIENTACIÓN 2019

### Vacantes: un exemplo de mala xestión na definición das prazas

Estes dous últimos concursos específicos supuxeron un incremento na oferta de vacantes, un cambio propiciado polo intenso traballo desenvolvido pola CIG-Ensino no estudo das necesidades das prazas de atención á diversidade.

Porén, onde segue a fallar a Consellaría é na planificación das prazas de Orientación. Na oferta de vacantes que aparece no borrador da Orde deste ano atopamos un claro exemplo de descoordinación e falta de rigor que nos preocupa especialmente. Non son simples incorreccións, son os efectos de non termos unha rede ben deseñada. Vexamos:

- \* 3 prazas ofertadas en centros nos que suprimiu o posto de orientación no Catálogo: CEIP Manuel Fraga (Cariño), CEIP V. Otero Valcárcel (Carral), CEIP Manuel Rdez. Sinde (A Guarda)

- \* Hai casos asombrosos que demostra a improvisación da Consellaría: ofértase unha praza no CEIP Bormoio-Agualada (como se fixo no CADP) e adscríbese como centro compartido o CRA de Coristanco-Santa Comba que se acaba de crear este verán como fusión de dous CRA e que figura con posto de Orientación a tempo completo. Esa praza implica atender desde unha unitaria do concello da Baña ao colexio de Corme. Un despropósito. Ou o que acontece entre o CEIP Mosteiro de Caaveiro, o Virxe do Mar, o San Ramón de Moeche e o colexio das Somozas.

Son, por tanto, cambios entre CADP, catálogo e prazas a concurso que non teñen xustificación.

- \* Hai **50 prazas** que a día de hoxe teñen catalogado un posto de orientación completo ou compartido e que non figuran nin como vacantes nin como resultas. Todo indica que estamos ou diante dun erro importante ou da clara intención de amortizar postos de orientación, o que sería máis preocupante.

- \* Hai **24 prazas** que aparecen como resultas e que é supoñer que estean cubertas con docentes definitivos mais non figuran catalogados no DOG.

- \* Hai **7 prazas que se cubriron no CADP** e que non se ofertan. Destas hai 4 que solicitamos que se revisen e incorporen á oferta. Son:

PAZAS NO CADP	CONCELLO
15023508-CEIP Plurilingüe Virxe do Mar	15054-Narón
36017648-CEIP Mestre Valverde Mayo	36033-Mos
36006833-CEIP San Martiño	36038-Pontevedra
36009032-CEIP Ramón de Valenzuela	36052-Silleda

- \* Hai 12 prazas que se adxudican de maneira diferente no CADP a como figuran nos Anexos II (vacantes) e III (Resultas), con cambios nos centros compartidos. Son os seguintes:

PRAZAS DIFERENTES NO CADP E NOS ANEXOS DO CONCURSO	CONCELLO	PRAZA
15021536-CEIP Plurilingüe Víctor López Seoane	15030-A Coruña	RESULTA
27010155-CEIP da Pobra de Brollón	27047-A Pobra do Brollón	SEN COMPARTIR NO CATÁLOGO
36001707-CEIP Plurilingüe Manuel Sieiro	36014-Creceste	RESULTA
36018653-CEIP Plurilingüe As Solanas - Nicolás Gutiérrez Campo	36023-A Guarda	VACANTE NOUTRO CENTRO
36006778-CEIP de Ponte Sampaio	36038-Pontevedra	RESULTA
36006109-CEIP de Parada-Campañó	36038-Pontevedra	RESULTA
36007242-CEIP de Viñas	36041-Poio	RESULTA
36014881-CEIP Plurilingüe Alexandre Bóveda	36045-Redondela	RESULTA
36009494-CEIP Plurilingüe de Tebra	36054-Tomiño	VACANTE NOUTRO CENTRO
36010083-CEIP Plurilingüe Carballal-Cabral	36057-Vigo	VACANTE NOUTRO CENTRO
36010204-CEIP Plurilingüe Párroco Don Camilo	36057-Vigo	RESULTA
36013023-CEIP de San Roque	36061-Vilanova de Arousa	RESULTA

O mínimo que debe facer a Dirección Xeral é que a oferta de prazas coincida exactamente co que figura nos catálogos de postos de traballo.

**Solicitamos que se depuren os erros.**

**Demandamos un estudo serio das prazas a ofertar e que se incorporen todas as catalogadas como vacantes ou resultas.** Tendo en conta que as vacantes figuran na Orde solicitamos que se revisen todas as que presentamos e que se revisen e xustifiquen nas Xuntas de Persoal antes da publicación no DOG da convocatoria. **Solicitamos tamén a publicación dun Catálogo de Postos de Traballo actualizado e sen erros.**

**A Consellaría, a bandazos na atención á diversidade**

A actual conselleira vai camiño de consolidar os pasos de todos os seus predecesores. As respostas ás carencias no **mapa de orientación en Galiza** fanse improvisadamente, a golpe de titular e sen ningún **plan detallado e negociado.**

Recentemente anunciou a creación dun segundo posto de Orientación nos 20 IES máis grandes do país. Esa medida formaba parte das demandas da CIG-Ensinas as nosas propostas están dentro dun marco global que require unha actuación decidida, dotando a **todos os centros de máis de 6 unidades de orientación a tempo total.** A Consellaría mantén unha interpretación restritiva ao computar unicamente unidades de Educación Primaria, sen ter en conta as de Infantil, e amplía a compartición máis alá do que regula o Decreto 120/1998: ser centro incompleto e estar na mesma zona de escolarización.

Nas prazas de **orientación compartidas confirmase o que xa denunciámos nestes cursos pasados:** a acumulación nalgúns casos de varios centros adscritos e compartidos impide a atención e o servizo que demandan os centros.

Instamos á Consellaría a abrir unha negociación global sobre as prazas de orientación para fixar con carácter permanente os criterios para dotar dunha praza de orientación a tempo completo e compartida, en base a unidades, número de alumnado total e distancia entre centros. Para a CIG-Ensinas a suma de unidades cando se comparten centros ten que ser inferior ás unidades para unha praza a tempo total, agás casos excepcionais de centros rurais con moi pouca matrícula que se deben negociar.

**Mentres a Consellaría non se tome en serio a atención á diversidade irá poñendo parches e tapando fugas mais sen propoñer solucións de abaixo arriba: reforzo da acción tutorial, mais profesorado de apoio, incremento de orientadoras nos centros, extensión dos equipos específicos de orientación provinciais.**

## Baremo

A CIG-Ensino é partidaria de que as titulacións que se fixan como dereito preferente (psicopedagogía, psicoloxía, pedagogía,...) sexan requisito e non mérito. Seguimos a demandar a modificación do Decreto.

Reclamamos **que se elimine ou reduza a puntuación subxectiva ou que cando menos se eliminen discriminacións para o profesorado.** Isto podería facerse neste concurso específico, en que non teñen por que manterse determinados apartados do CXT.

Hai dous exemplos que queremos salientar:

- \* O tope de puntuación para outras funcións docentes: o baremo actual premia a función directiva sobre as demais responsabilidades e

cargos ao limitar estas a 5 puntos cando o tope do apartado chega a 20. Propomos, como no CXT, que se elimine o tope para o apartado 4.3. Deste xeito ten máis valor ocupar a dirección dun centro que estar moitos anos na xefatura de departamento de Orientación dun centro.

- \* Pedimos que se elimine a puntuación de postos na administración:. Hai apartados que, como vimos dicindo todos os anos, están de máis neste concurso no que só pode participar profesorado do corpos de mestres:
  - \* Apartado 1.2.3.: antigüidade en corpos de subgrupo inferior: non existe.
  - \* Apartado 2: corpo de catedráticos, nin existe o caso nin ten sentido.



## OS NOSOS LOCAIS

**SANTIAGO** (Local Nacional)  
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10  
15706 Santiago de Compostela  
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839  
[santiago@cig-ensino.gal](mailto:santiago@cig-ensino.gal)

**A CORUÑA**  
Rúa Alfonso Molina s/n  
15007 A Coruña  
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735  
[acorunha@cig-ensino.gal](mailto:acorunha@cig-ensino.gal)

**BAIXO MIÑO**  
Praza da Guía 3, Baixo  
36780 A Guarda  
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465  
[baixomiño@cig-ensino.gal](mailto:baixomiño@cig-ensino.gal)

**MORRAZO**  
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1  
36947 Cangas  
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987  
[morrazo@cig-ensino.gal](mailto:morrazo@cig-ensino.gal)

**FERROL**  
Rúa Eduardo Pondal 41-43  
15403 Ferrol  
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760  
[ferrol@cig-ensino.gal](mailto:ferrol@cig-ensino.gal)

**LUGO**  
Ronda da Muralla 58, Baixo  
27003 Lugo  
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891  
[lugo@cig-ensino.gal](mailto:lugo@cig-ensino.gal)

**OURENSE**  
Parque de San Lázaro 12, 4º  
32003 Ourense  
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855  
[ourense@cig-ensino.gal](mailto:ourense@cig-ensino.gal)

**PONTEVEDRA**  
Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda  
36002 Pontevedra  
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050  
[pontevedra@cig-ensino.gal](mailto:pontevedra@cig-ensino.gal)

**A MARIÑA**  
Avenida de Galicia 20, 1º  
27700 Ribadeo  
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593  
[amarinha@cig-ensino.gal](mailto:amarinha@cig-ensino.gal)

**VAL DE MONTERREI**  
Rúa Pedro González 5, 1º  
32600 Verín  
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013  
[verin@cig-ensino.gal](mailto:verin@cig-ensino.gal)

**VIGO**  
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo  
36205 Vigo  
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844  
[vigo@cig-ensino.gal](mailto:vigo@cig-ensino.gal)

**SALNÉS**  
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º  
36600 Vilagarcía  
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323  
[salnes@cig-ensino.gal](mailto:salnes@cig-ensino.gal)